

BANDO DE ALCALDÍA

Atención e servizo nas dependencias municipais ante a crise do coronavirus

Faise saber

que, como consecuencia da crise sanitaria creada polo COVID-19, e a causa das declaracións do estado de alarma por parte do Goberno do Estado e da declaración de emerxencia sanitaria por parte da Xunta de Galicia e o cumprimento das medidas derivadas destas declaracións, esta Alcaldía vén de adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Desde o luns 16 de marzo e durante un período inicial de 15 días nas dependencias municipais a atención presencial ao público limitarase a casos de extrema urxencia e imperiosa necesidade e sempre coa chamada previa ao teléfono do Concello (981 404006) no horario habitual de atención ao público (8.30 a 14.00 h) ou ben mediante contacto no seguinte enderezo electrónico: correo@moeche.gal. As xestións co Concello poden realizarse na sede electrónica municipal: <https://moeche.sedelectronica.gal/info.0>

Segundo. A prestación do **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** limitarase desde o luns 16 de marzo e durante un período inicial de 15 días ás persoas en situación de dependencia ou similar, sempre de acordo cos informes técnicos correspondentes.

Terceiro. As medidas establecidas, recollidas neste bando e no anterior, poderanse ver implementadas en función da evolución da situación e segundo as indicacións das autoridades sanitarias.

Cuarto. Instase á veciñanza para que dean cumprimento ao establecido pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado en relación coa crise do coronavirus e se manteñan na casa durante o período establecido de 15 días, dado que o movemento de persoas está limitado excepto :

- para ir a traballar
- para mercar alimentos ou produtos farmacéuticos
- para acudir a hospitais ou a coidar maiores, menores ou persoas dependentes.
- para regresar ao seu lugar de residencia habitual ou por outras causas de forza maior xustificadas.

Desde o Concello de Moeche queremos agradecer a comprensión e o respecto ante a adopción destas medidas, necesarias ante unha situación de emerxencia e solicitamos de cada un dos veciños e veciñas que cumpran coas medidas de confinamento ditadas polo Goberno do Estado e pola Xunta de Galicia. Axudar a superar esta crise sanitaria depende de cada un de nós e da nosa responsabilidade para limitar ao máximo o contacto con outras persoas.

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

MOECHE
CONCELLO